



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

**LINGUA GALEGA**

CURSO:

**6º EP**

ANO ACADÉMICO:

**2020/21**

# ÍNDICE

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. CONTEXTO .....</b>  | <b>2</b>  |
| 1.1 CENTRO:.....  | 3         |
| 1.2 ALUMNADO .....  | 3         |
| <b>2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO ...</b>    | <b>4</b>  |
| <b>3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....</b>                           | <b>5</b>  |
| 3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....         | 5         |
| 3.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....                                 | 5         |
| <b>4. METODOLOXÍA .....</b>   | <b>13</b> |
| 4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL.....   | 13        |
| 4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:.....                                      | 15        |
| <b>5. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:.....</b>                                    | <b>15</b> |
| 5.1 AVALIACIÓ INICIAL: .....  | 15        |
| 5.2 AVALIACIÓN CONTINUA:.....   | 16        |
| <b>6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: .....</b>   | <b>46</b> |
| <b>7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>                                     | <b>52</b> |
| <b>8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA APRENDIZAXE DOCENTE: .....</b> | <b>54</b> |
| 8.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....                        | 54        |
| 8.2 INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE .....                        | 54        |
| 8.3 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:.....                            | 55        |
| <b>9. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO: .....</b>                       | <b>56</b> |
| <b>10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....</b>             | <b>58</b> |

# 1. CONTEXTO

## 1.1 CENTRO:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

### **Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

### **Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

### **Características singulares:**

#### **Programas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

## 1.2 ALUMNADO

### **Poboación inmigrante:**

En relación ao alumnado procedente do estranxeiro cabe sinalar que é unha poboación moi pequena no noso centro e de diversas procedencias: Uruguay, Cabo Verde, Vietman, Suiza, Brasil, China,...a situación de cada unha das familias é variopinta, emigrantes retornados, por negocios, acollidas, adopcións,...

### **Alumnado con NEAE no curso actual:**

Na actualidade, e segundo o departamento de orientación, temos un total de 24 casos diagnosticados que están escolarizados no centro e en tramitación de becas para axuda externa. Aínda así hai alumnos/as que están pendentes de diagnóstico.

## 2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

|   |  |
|---|--|
| a | Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.                            |
| b | Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. |
| c | Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.  |
| d | Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.                                     |
| e | Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.  |
| f | Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.  |
| g | Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.       |
| h | Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.  |
| i | Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.   |
| j | Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.  |
| k | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.   |
| l | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.   |

|   |   |
|---|---|
| m | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |
| n | Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.  |
| o | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.  |

### 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

#### 3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

#### 3.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, para a área de lingua galega e literatura de 6º de primaria corresponden 3 sesións semanais.

#### **MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**O bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar, o bloque 2. Comunicación escrita: ler e o bloque 3. Comunicación escrita: escribir traballaranse de xeito continuado ao longo de todo o curso.**

**Abranquen os seguintes contidos:**

B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.

B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.

B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.

B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retranca, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega.

B1.5. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con

finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

B1.9. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.

B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).

B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. B1.12.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entonación adecuadas. B1.13. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

B1.14. Recoñecemento e valoración das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua.

B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de co-municación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.

B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.

B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).

B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.

B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.

B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).

B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

- B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.
- B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.
- B2.11. Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.
- B2.12. Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- B2.13. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.
- B2.14. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- B2.16. Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.
- B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.
- B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros.
- B3.3. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.
- B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (questionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).
- B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
- B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.
- B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos.
- B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

## 1ª AVALIACIÓN

| UD<br>TEMA<br>PROXECTO                         | CONTIDOS<br>BLOQUE *1, 2, 3, 4 e 5   | Material<br>de<br>referencia   | Temporalización  |                         |
|--|--|--|--|-------------------------|
|  |  |  | Mes  | Número<br>de<br>sesións |
|  |  |  | 9 ao 12  |                         |
| Tipos de palabras variables                    | <p>B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.</p> <p>B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</p> <p>B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.</p> <p>B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>B4.5. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> <p>B4.6. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.</p> | <p>Editorial<br/>Aula<br/>Planeta,<br/>literatura<br/>infantil e<br/>material de<br/>creación<br/>propia</p> | <p>Aproximadamente<br/>3 semanas para cada<br/>unidade traballada<br/>(9 sesións).</p> |                         |
| O verbo  |  |  |  |                         |
| Oración:<br>suxeito e<br>predicado             |  |  |  |                         |
| Familia de<br>palabras e<br>campo<br>semántico |  |  |  |                         |
| Acentuación                                    |  |  |  |                         |



|                  |   |  |  |
|------------------|---|--|--|
| <p>Narración</p> | <p>B4.7. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.</p> <p>B4.8. Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como o papel semántico deste (axente, paciente e causa).</p> <p>B4.9. Transformación de oracións de activa en pasiva, e viceversa, para mellorar a comprensión de determinados textos.</p> <p>B4.10. Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, e viceversa, para mellorar a produción de textos.</p> <p>B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> <p>B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).</p> <p>B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</p> <p>B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p> <p>B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.</p> <p>B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.</p> |  |  |
|------------------|---|--|--|

## 2ª AVALIACIÓN

| UD<br>TEMA<br>PROXECTO   | CONTIDOS<br>(B1.1)  | CONTIDO | Material<br>de<br>referencia   | Temporalización  |                         |
|--------------------------|---|---------|--|--|-------------------------|
|                          |   |         |  | Mes  | Número<br>de<br>sesións |
|                          | BLOQUE *1, 2, 3, 4 e 5  |         |  | 1 ao 4   |                         |
| Palabras<br>invariables  | <p>B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</p> <p>B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a co-rrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.</p> <p>B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>B4.5. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> |         | Editorial<br>Aula<br>Planeta,<br>literatura<br>infantil e<br>material de<br>creación<br>propia | Aproximadamente<br>3 semanas para cada<br>unidade traballada<br>(9 sesións). |                         |
| As<br>contraccións       | <p>B4.6. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.</p>  |         |  |  |                         |
| Polisemia e<br>homonimia | <p>B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.</p> <p>B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>   |         |  |  |                         |
| Ditongos e<br>hiatos     | <p>B4.13. Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e composición.</p> <p>B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p>   |         |  |  |                         |

|                |  |  |  |
|----------------|--|--|--|
|                | <p>B5.1. escoita, memorización e re-produción de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.</p>  |  |  |
| Til diacrítica | <p>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p> <p>B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.</p> <p>B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</p> <p>B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios diversos.</p> |  |  |
| Poesía         |  |  |  |

### 3ª AVALIACIÓN

| UD<br>TEMA<br>PROXECTO                                     | CONTIDOS<br>(B1.1)   | CONTIDO                 | Material<br>de<br>referencia   | Temporalización  |                         |
|--|--|-------------------------|--|--|-------------------------|
|  |  |                         |  | Mes  | Número<br>de<br>sesións |
|  |  | BLOQUE * 1, 2, 3, 4 e 5 |  | 4 ao 6   |                         |
| Pronome<br>persoal   | <p>B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas nos escritos.</p> <p>B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.</p> <p>B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>B4.5. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> <p>B4.6. Observación da inserción e coordinación de oracións como pro-cedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.</p> <p>B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> <p>B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.</p> |                         | Editorial<br>Aula<br>Planeta,<br>literatura<br>infantil e<br>material de<br>creación<br>propia | Aproximadamente<br>3 semanas para cada<br>unidade traballada<br>(9 sesións). |                         |
| Colocación do<br>pronome átono                             |  |                         |  |  |                         |
| Derivación e<br>composición<br>de palabras                 |  |                         |  |  |                         |
| Textos<br>xornalísticos e<br>dos medios de<br>comunicación |  |                         |  |  |                         |

## 4. METODOLOXÍA

### 4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúa no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

As titoras, partindo dos recursos que ofrece a plataforma para cada unha das materias (editoriais NETEX, NETEX SMARTCLASSROOM, EDEBÉ, DIXIT e AULA PLANETA), escolleremos en cada unidade aqueles contidos que máis se axusten para acadar os estándares en cada área, así coma outros recursos dispoñibles no repertorio Abalar ou na rede, ou recursos de creación propia. De todos modos, partimos dunha primeira selección (véxase o apartado contidos deste documento), pero incorporamos en cada unidade información e actividades de diversas fontes.

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno/a levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco legislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar**.

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento

natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se afrontar a novos retos.

- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para despertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo

- Pequenos grupos: “equipos” (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).

- Parellas

- Individualmente

- **Tempos:**

A área de Lingua e Literatura galega conta con 3 sesións no horario semanal, repartidas ao longo da semana.

- **Espazos:**

As clases terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra

zona do colexio de xeito puntual.

## **4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:**

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias, empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corrixilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cal xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

## **5. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:**

### **5.1 AVALIACIÓ INICIAL:**

**Data prevista de realización:** As dúas primeiras semanas do curso serán adicadas á avaliación inicial.

Entre o 14 e o 25 de setembro.

#### **Mecanismo para informar ás familias**

Utilizarase o abalar móbil e as titorías telemáticas en horario de martes de tarde.

#### **Consecuencias dos resultados das probas:**

- Coordinarse co departamento de orientación para adoptar as medidas máis axeitadas cós alumnos que o precisen.
- Realizáranse cambios metodolóxicos segundo os datos atopados en ditas avaliacións e consultados os informes correspondentes.
- Informar ás familias.

## 5.2 AVALIACIÓN CONTINUA:

**Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área as probas escritas realizaranse habitualmente ao remate de cada tema. Isto non significa que sempre se avalíe o tema mediante unha proba escrita, pois pode complementarse cos traballos e a observación diaria, ou ben avaliarse soamente a través destes medios.

**Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)**

Segundo os estándares traballados nas diferentes probas o peso da mesma poderá variar dun trimestre a outro.

**Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Farase unha media numérica coa totalidade de probas realizadas (probas escritas, orais, traballos, actitude) sendo un 5 a nota mínima de consecución dos estándares.



| .ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE<br><b>LINGUA GALEGA 6º</b><br>(PERFIL DE ÁREA)   | TEMPORALIZACIÓN |    |    | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN   | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN   | Peso (porcentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE  |
|---|-----------------|----|----|---|--|-------------------|---|
|   | 1ª              | 2ª | 3ª |   |  |                   |   |
| BLOQUE 1. Comunicación oral: falar e escoitar: 25%  |                 |    |    |   |  |                   |   |
| LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo. | X               | X  | X  | Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:<br><br>Caderno de clase<br><br>Diario de clase<br><br>Rexistro anecdótico<br><br>Resolución de exercicios<br><br>Posta en común<br><br>Asamblea<br><br>Probas específicas<br><br>Exposicións orais | Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral.          | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                                |
| LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.  | X               | X  | X  |   | Comprende o significado literal e extrae inferencias dun texto oral. | 1%                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>                                |
| LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.                          | X               | X  | X  |   | Identifica a información relevante en documentos audiovisuais.       | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>   |
| LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.   | X               | X  | X  |   | Utiliza documentos audiovisuais para obter información.              | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE<br><b>LINGUA GALEGA 6º</b><br>(PERFIL DE ÁREA)   | TEMPORALIZACIÓN |    |    | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN   | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN   | Peso (porcentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE  |
|--|-----------------|----|----|---|--|-------------------|---|
|  | 1ª              | 2ª | 3ª |   |  |                   |   |
| LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos.  | X               | X  | X  | Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:<br><br>Caderno de clase<br>Diario de clase<br>Rexistro anecdótico<br><br>Resolución de exercicios<br><br>Posta en común<br>Asamblea<br><br>Probas específicas<br><br>Exposicións orais | Recoñece a ironía.   | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>   |
| LGB1.3.2. Recoñece a retranca como un trazo característico da lingua galega.   | X               | X  | X  |   | Recoñece a retranca como un trazo característico da lingua galega. | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>                  |
| LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | X               | X  | X  |   | Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais.               | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSEIEE</li> </ul> |
| LGB1.4.2. Segue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.  | X               | X  | X  |   | Identifica as ideas principais nunha exposición da clase.          | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                                  |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE<br><b>LINGUA GALEGA 6º</b><br>(PERFIL DE ÁREA)   | TEMPORALIZACIÓN |    |    | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN   | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN                     | Peso (percentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE  |
|--|-----------------|----|----|---|--|-------------------|---|
|  | 1ª              | 2ª | 3ª |   |  |                   |   |
| LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. | X               | X  | X  | Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:<br><br>Caderno de clase<br>Diario de clase<br>Rexistro anecdótico<br><br>Resolución de exercicios<br><br>Posta en común<br><br>Asamblea<br>Probas específicas<br><br>Exposicións orais | Fai pequenas exposicións orais na aula.        | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
| LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.  | X               | X  | X  |   | Participa no traballo en grupo.                | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
| LGB1.4.5 Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.  | X               | X  | X  |   | Distingue entre discurso formal e coloquial.   | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> |
| LGB1.5.1. escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.   | X               | X  | X  |   | Escoita atentamente as exposicións dos demais. | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>                  |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE<br><b>LINGUA GALEGA 6º</b><br>(PERFIL DE ÁREA)   | TEMPORALIZACIÓN |    |    | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN   | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN                           | Peso (percentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE   |
|--|-----------------|----|----|---|--|-------------------|--|
|  | 1ª              | 2ª | 3ª |   |  |                   |  |
| LGB1.5.2. Respeita as opinións dos e das demais.   | X               | X  | X  | Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:<br>Caderno de clase<br>Diario de clase<br>Rexistro anecdótico<br>Resolución de exercicios<br>Posta en común<br>Asamblea<br>Probas específicas<br>Exposicións orais | Respeita as opinións alleas.                         | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>                 |
| LGB1.6.1. Respeita as quendas de palabra nos intercambios orais.   | X               | X  | X  |   | Respeita a quenda de palabra.                        | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>  |
| LGB1.6.2. Respeita as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | X               | X  | X  |   | Emprega a lingua galega para expresar a súa opinión. | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul> |
| LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora.                                      | X               | X  | X  |   | Acompaña con xestos o discurso.                      | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul> |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE<br><b>LINGUA GALEGA 6º</b><br>(PERFIL DE ÁREA)  | TEMPORALIZACIÓN |    |    | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN   | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN   | Peso (percentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE  |
|---|-----------------|----|----|---|--|-------------------|---|
|   | 1ª              | 2ª | 3ª |   |  |                   |   |
| LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.   | X               | X  | X  | Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:<br><br>Caderno de clase<br>Diario de clase<br>Rexistro anecdótico<br><br>Resolución de exercicios<br><br>Posta en común<br>Asamblea<br><br>Probas específicas<br><br>Exposicións orais | Ten unha pronuncia e dicción correctas.                                  | 1,5%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
| LGB1.6.5. Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.   | X               | X  | X  |   | Formula e contesta preguntas.  | 0,4%              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
